

**SOLICITUDE DE OFERTA: SERVIZO DE PROGRAMACIÓN DUN CICLO DE CINE DE VERÁN NOS XARDÍNS DO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN. (Expte. 4351/341)**

O Concello de Vigo está a tramitar o expediente para o servizo de programación dun ciclo de cine de verán nos Xardíns do Museo Municipal Quiñones de León.

De acordo coa memoria xustificativa do contrato menor citado, as condicións que se deben ter en conta para formular a súa oferta son as seguintes:

1. OBXECTO DO CONTRATO

Este contrato ten como obxecto a contratación dun servizo de programación dun ciclo de cine nos xardíns anexos á fachada principal do Museo Municipal Quiñones de León no marco da programación de verán da Rede de Museos Municipais.

ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN

A previsión é que as ses sesións se celebren nas seguintes datas:

Xuño: 19, 20, 26 e 27

Xullo: 3 e 4

Dada a situación inmediata do Museo Quiñones de León ao auditorio ao aire libre no que se celebran os concertos de Castrelos as datas poderían sufrir lixeiras variacións para evitar coincidencias, que serían comunicadas con antelación suficiente á empresa adxudicataria para buscar unha data alternativa.

Os servizos a prestar polo contratista inclúen:

- Proposta dos títulos a proxectar tendo en conta as seguintes consideracións:
 - ter sido producidos a partir do ano 2020 e constituír un éxito de billeteira.
 - orientadas a todos os públicos, con especial incidencia no público infantil e familiar.
 - atender, de xeito prioritario ás categorías de animación, aventuras ou comedia.
 - cualificación obrigatoria por idades de cada película.
- Subministro das películas en soporte HD
- Deseño e produción dun pequeno folleto coa programación e sinopse de cada unha das películas do ciclo para distribuír en cada unha das sesións.
- Equipo de proxección HD
 - A calidade mínima será a de un proxector HD de 10.000 lúmenes (alta luminosidade) ou superior.
 - Sistema de son con equipo auto amplificado.
 - Micrófono para a presentación de cada proxección.
- Pantalla. Pantalla homologada XL (9x6 m ou superior). A zona de proxección deberá estar a altura suficiente do solo para impedir que o público que cruce ou se levante non interfira na proxección da película, pero sempre garantindo a seguridade dos asistentes.
- Xestión de dereitos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/04/2026 10:57	Páxina 1 de 6
4351-341	CSV: A4BDA7-E34CB2-3643D5-W7LGV8-KJGXU9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Xestión e pago de dereitos de exhibición pública de cada unha das películas programadas.
 - Dereitos de autor SGAE/DAMA que desta actividade poidan derivarse.
7. Persoal técnico necesario para o correcto desenvolvemento da actividade, que incluírá:
- coordinador de actividade.
 - persoal técnico cualificado: operadores de luces e son.
 - asistentes de proxección: colocación de cadeiras, control de acceso, reparto de programación...
8. Iluminación básica para o recinto, antes e despois da proxección, para facilitar a acceso e desaloxo do público asistente.
9. Subministro, colocación e recollida de 200 cadeiras.

A empresa adxudataria deberá realizar un plan de autoprotección ou documento similar que corresponda legalmente en base ás características de cada espectáculo e ao seu desenvolvemento en espazo público.

- A execución do contrato realizarase a risco e ventura do adxudicatario, o cal non terá dereito a indemnización algunha por causa de avarías, perdas ou prexuízos ocasionados na explotación do servizo ou calquera outra causa.
- Executará as prestacións obxecto do contrato nos termos e condicións establecidas nesta solicitude de oferta.
- Serán con cargo á empresa adxudataria todos os gastos necesarios para a completa realización do servizo contratado: contratación e pago do persoal adscrito, materiais e equipos, Seguridade Social, tributación, responsabilidades e seguros, así como calquera tipo de cargas e obrigas que emanen do contrato.
- A empresa adxudataria aceptará as suxestións que se ofrezan desde a Concellería de Cultura do concello de Vigo para o bo desenvolvemento do servizo adxudicado, a condición de que melloren a organización deste a a atención ao público sen afectar á contía aprobada do contrato.
- A empresa adxudataria informará previamente á Concellería de Cultura do Concello de Vigo de calquera cambio que se produza no servizo.

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación competente para o gasto é a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en virtude do decreto da Alcaldía de 19.06.2023 e posterior modificación de data 28.06.2024 e 25.09.2025 polo que se establece a estrutura da Administración do Concello de Vigo e se delegan as competencias 2023-2027 e o decreto da alcaldía do 25.09.2025 de delegación xenérica de competencias en concelleiros das Area de Goberno e concelleiros delegados.

ORZAMENTO MÁXIMO:

En canto ás estimacións dos servizos necesarios, considérase o seguinte:

- a) Valor estimado: Valor estimado:** O valor estimado deste contrato é de **14.000,00 €**
b) Prezo máximo de licitación: 14.000,00 € máis IVE (2.940,00 €) = **16.940,00 €**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/04/2026 10:57	Páxina 2 de 6
4351-341	CSV: A4BDA7-E34CB2-3643D5-W7LGV8-KJGXU9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



PRAZO DE DURACIÓN (EXECUCIÓN DO CONTRATO)

O prazo de execución deste contrato será desde a adxudicación do presente contrato e ata o 30 de setembro de 2026, como máximo, e non poderá ser obxecto de prórroga, en cumprimento do disposto no artigo 29.8 LCSP, que determina que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

O Servizo de Museos determinará a data exacta de proxección das películas durante os meses de xuño e xullo de 2026.

RESPONSABLE DO CONTRATO

O seguimento, control e supervisión dos servizos contratados realizarase polo centro xestor do contrato, a Concellería de Cultura, a través da xefatura de Museos Municipais, ou ben polo persoal técnico que se poida designar por parte do concelleiro-delegado da área ou órgano de goberno correspondente. Durante a realización dos traballos obxecto do contrato, a responsable do mesmo poderá facer cantas suxestións considere necesarias para o bo desenvolvemento do servizo coa condición de que estes cambios non afecten á oferta económica presentada pola empresa adxudicataria.

O adxudicatario e a persoa responsable do contrato por parte da Concellería de Cultura, deberán dispoñer de sistemas de comunicación instantánea ante calquera incidencia relevante, consulta ou cambio.

FORMA DE PAGO DO PREZO DO CONTRATO

Mediante a presentación de factura á perfecta finalización do servizo.

A factura correspondente deberá reunir os requisitos regulamentariamente establecidos.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

O prazo de presentación de ofertas será de **10 días hábiles** a contar dende o día seguinte do anuncio no **perfil do contratante**.

A oferta deberase presentar a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo.

CRITERIO PARA A ADXUDICACIÓN

O menor prezo respecto ao orzamento máximo de licitación, que non poderá ser superior ao importe licitado en ningún caso.

CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

Todos aqueles datos que puidese coñecer a empresa adxudicataria en relación cos servizos contratados enténdense confidenciais, debendo gardar a identidade e o segredo dos mesmos con observancia á Lei Orgánica 15/1999, de 3 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Para calquera cuestión sobre este expediente, poden poñerse en contacto co Servizo de Museos Municipais a través do teléfono: 986-810104 ou ben no seguinte enderezo de correo electrónico: ofi.museos@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/04/2026 10:57	Páxina 3 de 6
4351-341	CSV: A4BDA7-E34CB2-3643D5-W7LGV8-KJGXU9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



Achégase modelo para presentación da declaración responsable do contratista (Anexo II), que deberá presentarse xunto coa oferta económica.

DOCUMENTOS A PRESENTAR

- Oferta económica, cos conceptos desglosados e cos impostos correspondentes.
- Declaración responsable do contratista. Achégase modelo (Anexo II).
- CIF da empresa, alta en el censo de actividades económicas (IAE) e certificación bancaria no caso de non ter contratado nunca co Concello de Vigo.

Vigo, na data da sinatura electrónica

Asinado.- José Manuel Rey García, xefe de Museos Municipais

Conforme.- O concelleiro-delegado de Cultura (resolución do 25 de setembro de 2025 (BOP núm. 186 do 30.09.2025). Gorka Gómez Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/04/2026 10:57	Páxina 4 de 6
4351-341	CSV: A4BDA7-E34CB2-3643D5-W7LGV8-KJGXU9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



Anexo II

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE DA OU DO CONTRATISTA

....., con DNI n.º, en nome propio ou en representación da empresa, con CIF....., en calidade de, en aplicación do establecido no artigo 118 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, e informado/a das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato menor consistente no **servizo de programación dun ciclo de cine de verán nos Xardíns do Museo Municipal Quiñones de León**, comprométoe á súa execución con estrita suxeición aos requisitos e condicións expresados na solicitude de oferta, pola cantidade de:

Importe base:

Importe do IVE:

Importe total:

Así mesmo, declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que acepto as condicións do contrato.
- Que ostento a capacidade de representación da entidade de referencia.
- Que teño capacidade de obrar e contratar e conto coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
- Que non estou incurso en prohibicións para contratar coa Administración.
- Que cumpro coas obrigacións establecidas nas disposicións vixentes en materia de protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.
- Que manterei absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato ou información á que poida ter acceso con ocasión do cumprimento das obrigacións derivadas do contrato, polo que cumprerei, en todo caso, o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.
- Que me comprometo a cumprir os seguintes principios éticos e de conduta:
 1. Cumprir cos principios éticos, e no seu caso, o código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.
 2. Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, propoñer ou promover calquera práctica eticamente reprobable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/04/2026 10:57	Páxina 5 de 6
4351-341	CSV: A4BDA7-E34CB2-3643D5-W7LGV8-KJGXU9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



3. Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colusorias que impidan a libre competencia concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
4. Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.
5. Denunciar ao órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos
6. Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato.
7. Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.
8. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

Lugar e data

A/o contratista



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/04/2026 10:57	Páxina 6 de 6
4351-341	CSV: A4BDA7-E34CB2-3643D5-W7LGV8-KJGXU9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		